



Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

Europa inviste no rural

PROXECTO: Subministro de luminarias en substitución das existentes actualmente no pavillón feiral de FEXDEGA no termo municipal de Vilagarcía de Arousa

PROMOTOR: Concello de Vilagarcía de Arousa

INVESTIMENTO: 65.960,58€

AXUDA PÚBLICA: 49.470,43€

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2014-2020

MEDIDA 7: SERVICIOS BÁSICOS E RENOVACIÓN DA POBOACIÓN NAS ZONAS RURAIS

Información Pública / OBRAS E SERVIZOS

As melloras en eficiencia enerxética chegan ao pavillón de Fexdega coa renovación de toda a iluminación

O Concello de Vilagarcía segue adiante cos seus plans de modernización e mellora da eficiencia enerxética tanto en vías públicas como en instalacións municipais. A seguinte fase afectará ao interior do pavillón multiusos de Fexdega, onde se investirán 54.000 euros en renovar toda a iluminación para adaptala á tecnoloxía led, moito máis económica e eficiente que as actuais campás halóxenas.

26.09.2016.- Para acometer esta actuación, o Concello conta coa colaboración do Inega que subvenciona o 80% do custe do proxecto mediante fondos FEADER, tendo a administración local que financiar o 20 por cento restante.

O proxecto consiste na renovación integral da iluminación interior do pavillón, o que supón substituír as 136 campás halóxenas actuais por outros tantos puntos de luz de tecnoloxía led. Estes garanten a mesma intensidade lumínica con moita menos poten-

cia, polo que o efecto será un importante aforro na factura eléctrica. De feito, segundo os cálculos do encargado de Electricidade do Concello, o gasto en electricidade en Fexdega poderá reducirse en máis do 50% con esta mellora.

O Concello pretende avanzar máis en materia de aforro e eficiencia enerxética chegando a niveis óptimos mediante un sistema de telexestión de acendido que permita prender individualmente cada un dos puntos de luz. Isto permitirá iluminar unicamente a zona ou zonas do pavillón que estean a ser utilizadas e non, como ata o de agora, que se teña que acender todo o pavillón independentemente de que so se estea usando unha pequena parte do mesmo. Deste xeito, ao cabo do ano tamén se lograría incrementar o aforro no gasto de luz de forma importante, por iso este sistema será unha das posibles melloras que se terán en conta á hora de avaliar as propostas das empresas que opten ao contrato.